

ACTIVIDADES: LÉXICO DO TRABALLO

1. Indica a palabra que corresponde a cada definición

- a. Diñeiro que unha persoa cobra con regularidade, polo traballo que realiza
- b. Calquera tipo de traballo ou labor que se fai ou se debe facer
- c. Paga dun día de traballo
- d. Conxunto de persoas que se dedican á mesma profesión.
- e. Asociación que ten por obxecto a defensa dos intereses e dos dereitos dos profesionais.
- f. Que non ten emprego

2. Completa adecuadamente cos seguintes nomes de profesións estes titulares tirados do xornal Galicia Hoxe.

afiador - piloto - ourive - actriz economista -
enxeñeira - cirurxián tesoureira - embaixadora -
escritora

Muhammad Yunus, o
..... de Bangladesh
mundialmente coñecido como «o
banqueiro dos pobres», fala en
Compostela do seu método de loita
contra a pobreza. (13-7-2004)

A brasileira Nélida
Piñón, descendente de galegos,
presentou na Galería Sargadelos de
Compostela a súa última novela, Vozes
do deserto. (30-3-2005)

Antonio Feijoo, : «Xa
non quedan daqueles que andaban
polos camiños, non hai traballo». Hai
pouco futuro para estes traballadores e
artesáns, condenados ao museo ante a
cultura do «usar e tirar» que impón a
globalización. (19-7-2004)

O da Clínica Ruber
Francisco Gómez Bravo propónse
realizar en España, este mesmo ano, o
primeiro transplante de rostro procedente
dun doador falecido. (4-3- 2004)

Un xaponés queda durmido aos mandos do avión. Viaxaban 184 pasaxeiros e a tripulación a bordo, pero non provocou alteracións. (1-5-2004)

Miguel A. Fernández presenta A Bela Otero. Pioneira do cine. O gañador do Chano Piñeiro demostra que a diva de Valga foi a primeira dos Lumière. (13-11- 2003)

Elena Salgado será a quinta muller que ocupa a carteira de Sanidade. Natural de Ourense, de 55 anos, é economista e industrial. (31-3-2004)

O Goberno convocou «con carácter urxente» a de Cuba en España, Isabel Allende, despois de que se lle prohibise a entrada na illa ao deputado do PP Jorge Moragas. (26-6-2004)

A Federación de Peñas do Compostela remodelou a súa xunta directiva: presidenta, María Rosa Pais Gómez; secretaria, Margarita Fernández Seoane; e , Carmen Fernández Seoane. (20-10-2003)

O pasado 28 de xullo inaugurouse na Galería Sargadelos a mostra Damián Garrido, do século XX, que integra 22 pezas: unha auténtica revolución no deseño da prata. (3-8-2004)

3. Relaciona cada profesión co seu ámbito

Profesión	Ámbito laboral
afiador	
piloto	
ourive	
actriz	
economista	
enxeñeira	
ciruxán	
tesoureira	
embaixadora	
escritora	

4. Clasifica estes verbos segundo o ámbito do mundo laboral ao que están asociados: a busca de traballo, os contratos, os horarios, os salarios ou a actividade sindical.

asinar - fichar - entrevistar - afiliarse - estudar cobrar -
contratar - asegurar - descansar - aumentar reivindicar -
opositar - rescindir - negociar - entrar

Busca de emprego	Contratos	Salarios	Horarios	Actividade sindical

5. Ofrece a voz galega correcta que cómpre usar en lugar destes castelanismos

Castelanismo	Voz correcta
albañil	
sastre	
peluqueira	
concellal	
vocal	
gardaespaldas	
orfebre	
pescadeiro	